Unha alimentación sa é a base dunha boa saúde. Non é indiferente a maneira en que se cultiva (con ou sen agroquímicos) ou en que se cría os animais que logo nos sirven de alimento: o caso das "vacas tolas" ou dos polos con dioxinas son exemplos flagrantes.

Dun tempo a esta parte, estiveron entrando no mercado alimentario os productos transxénicos, procedentes de organismos modificados xenéticamente, é dicir, de organismos ós que se lles engadiron xenes de plantas, animais, bacterias ou calqueroutro ser vivo co que nunca poderían cruzarse. Son xenes que aportan ó organismo en cuestión unha característica que antes non tiña. Por exemplo, a resistencia a un herbicida ou ó ataque dun insecto.

Os intereses das multinacionais do sector conseguiron o visto bo das autoridades de Estados Unidos para poñer á venda determinados productos transxénicos, e, en base ás leis do libre mercado, os demais países vense presionados para aceptalos. Así, pasou coa hormona recombinante bovina (rBst), unha hormona obtida por modificación xenética e que se da ás vacas para que produzan máis leite; utilizada en Estados Unidos desde 1993, está a día de hoxe prohibida en Canadá, a Unión Europea e outros países, porque, a parte dos danos nas vacas, o consumo do seu leite tamén pode producir danos nas persoas.

No ano 96 o Estado español importou 1,5 millóns de tn de soxa transxénica (os seus derivados utilízanse en moitos productos: chocolates, bolería...) e 2 millóns de tn de millo transxénico resistente ó taladro, de xeito que no ano 98 20.000 hectáreas foron cultivadas con este millo. Outros países da Unión Europea foron máis precavidos (moratorias, prohibición de cultivos...), e finalmente, á vista dos novos datos e da crecente presión da opinión pública, a Comisión Europea acordou, o 24 de xuño deste ano, suspender por un tempo a autorización de novos cultivos transxénicos e facer máis estricta a lexislación que os regula.

E é que as cousas non están nada claras: non se pode garantir a seguridade dos productos transxénicos. Entón ¿a que veñen tantas presas por poñelos no mercado? ¿Por qué temos que facer de coellos de indias? ¿Son necesarios a día de hoxe os alimentos transxénicos? ¿Son tan necesarios que é necesario arriscarse a consumilos? ¿Quen está demandándoos? ¿Por qué non se etiquetan todos os productos transxénicos? ¿Comerías ti setas, a risco de enveleñarte, tendo outra cousa para elixir?

OS RISCOS DOS PRODUCTOS TRANSXÉNICOS

Riscos de carácter socio-económico

- Os alimentos transxénicos representatn un paso máis no control polas multinacionais da producción e comercialización dos productos agrarios: as variedades transxénicas están protexidas por patentes e non se pode utilizar a semente que se obtén delas.

- Moitas das variedades baséanse na resistencia a herbicidas, que haberán de ser intensivamente utilizados nos seus cultivos; e ademais contribuirían á perda de variedades tradicionais das que dependen a maioría dos campesinos do Terceiro Mundo.

- Os cultivos transxénicos beneficiarán ós países ricos en detrimento dos países pobres, e, dentro dos primeiros, ós productores industriais respecto dos que practican unha agricultura máis tradicional, moitos dos cales veríanse obrigados ó abandono das explotacións.

Riscos de impactos sobre o medio ambiente

En xeral, podería verse afectada negativamente a biodiversidade actual e os procesos ecolóxicos.

- Aceléranse os fenómenos de resistencia a herbicidas e pesticidas.

- Das plantas transxénicas existen variedades silvestres ou cultivadas coas que se poden cruzar, ás que poderían pasar a resistencia ó herbicida ou calqueroutra característica (a polinización cruzada pode acadar distancias de quilómetros).

- As propias plantas transxénicas poderían concertirse en invasoras, en "malas herbas" de cultivos próximos.

- A toxina producida por plantas transxénicas contra determinada plaga de insectos

podería afectar a outros insectos beneficiosos (o millo Bt, resistente ó "taladro" provocou a morte de bolboretas Monarca).

- Poderían aparecer novas enfermidades ou incremento da virulencia e agresividade nos patóxenos a partir de plantas transxénicas resistentes a virus.

Riscos para a saúde

- Poderían darse alerxias ás moléculas novas que producen as plantas transxénicas.

- As plantas transxénicas poden conter sustancias que resulten tóxicas aínda en moi pequenas cantidades, ben por presencia nelas de restos de herbicidas, ben por secrecións en resposta ós herbicidas ou por outras causas.

- A algunhas das plantas introdúcenselles xenes de resistencia a antibióticos o que contribuirá ó aumento da resistencia de bacterias patóxenas a estes antibióticos, e, polo tanto, a dificultade para atacar enfermidades infecciosas (o millo Bt de Novartis, cultivado no Estado español, ten un xene de resistencia a ampicilina, antibiótico usado comunmente en medicina veterinaria).